

Isaac Díaz Pardo e Carmen Arias de Castro. Lindas estrelas de Galicia

Loli Beloso Neira

“As artes deben estar ao servizo das ideas, por iso opino que ten que haber compromiso en todas elas: na pintura, na escultura, na literatura...” Deste xeito pensaba Isaac Díaz Pardo, quen foi un exemplo de entrega total ás causas xustas. Dedicouse en corpo e alma a Galicia e aos demais.

Naceu en Compostela un 22 de agosto de 1920. Ese día as campás da Catedral soaban forte; tan forte que as súas badaladas se escoitaban en todos os recunchos do noso país. Elas eran sabedoras do que nun futuro ía facer ese pequecho. Sabían que a súa obra ía ser un legado dun valor incalculable, única, abarcando todos os eidos: pintura, arquitectura, cerámica, escritura, editor, inventor... unha persoa imprescindible e inesquecible pola súa valía como ser humano, para todos nós un exemplo, de compromiso con todo o que fai ben. O seu facer era unha eira sen cancelas onde nos recibía cos brazos abertos e nos sentiamos protexidos, apoiados, queridos...

Isaac dende moi neno tivo unha excelente formación artística, criouse entre pinceis. Seu pai, Camilo Díaz Baliño, era un marabilloso pintor, muralista, ilustrador, escenógrafo... No taller que tiña no trasfondo do fogar da rúa das Hortas, en Santiago de Compostela, reuníanse personalidades do máis selecto da nosa intelectualidade coma Castelao, Antón Fraguas, Dieste, Blanco Amor, Otero Pedrayo, Luís Seoane, Francisco Asorey... Con dez anos, Isaac facía excelentes retratos e axudaba neste obradoiro. Tivo un gran mestre, non si? *“Traballo dende que teño uso de razón”*, escoitábaselle dicir a Isaac.

Durante a Guerra Civil ocorre algo terrible que o deixa marcado para a vida: asasinan a seu pai e con dezaseis anos tense que facer cargo da mamá e da irmá. Para conseguilo traballa rotulando coches na casa Bianchi. Aos dezaioito anos perde á súa nai, Antonia, que morre de cancro. *“Esperaba a Isaac para comer con unas patatas hervidas. Nos quitaron todo, quedamos arruinados. Llegamos a pasar hambre”*, dicía súa irmá Chita con bágoas nos ollos.



Mais, non todo foron desgrazas para este galego polifacético. O noso Leonardo da Vinci viviu historias lindas como, poño por caso, cando coñeceu a súa metade, a súa compañeira de por vida. De rapaz, pasaba os veráns na Coruña, onde vivía a súa tía Lolita, magnífica pintora, quen, para axudar á familia, montou un estudo de pintura no seu fogar e o pequeno Isaac botáballe unha man a dar clases. A primeira alumna que tiveron foi unha nena dunha familia acomodada; chamábase

Carmen e agarimosamente “Mimina” era como todos a coñecían. *“Tenía 9 años e Isaac 10 cuando nos conocimos. Se me iluminaba la cara cuando lo veía, mi corazón palpitaba desbocado cuando estaba a su lado. Teníamos mucho en común, nos apasionaba la pintura, amábamos a Galicia, me sentía plena de lindas emociones, había encontrado a mi joya especial; era mi talismán, que me hacía olvidarme del mundo. Mi corazón intuía que en un futuro íbamos a caminar de la mano, haciendo cosas lindas por nuestra tierra. Con dieciséis años él y yo quince nos hicimos novios. Mi padre no veía con buenos ojos nuestra relación, luché como una loca por nuestro amor. Con el tiempo llegó a querer a Isaac más que a un hijo, contamos con su apoyo cuando creamos nuestra primera empresa de cerámica ya que nos dejó unas instalaciones de nuestra vivienda familiar del Castro. Aquí, en la capilla de nuestro pazo, nos casamos un 29 de junio del año 1945, en esta época, Isaac estaba considerado uno de los mejores pintores de España. Vivíamos de lo que él pintaba en Madrid. Fueron tiempos de mucha felicidad. Mi marido siempre quiso ser arquitecto, pero por problemas económicos tuvo que escoger otra carrera; con diecinueve años, después de la Guerra Civil, ingresa en la Escuela de Bellas Artes de San Fernando, en Madrid. En esta prestigiosa escuela también estuve yo y la tía Lolita, pero mi papá me quitó porque decía que estaba allí por Isaac. Yo mentía diciéndole que no salía con él; no, no, no lo tuve fácil, pero salimos adelante con nuestra historia de amor. En 1942 a mi marido le conceden la beca “Conde de Cartagena” por la que tuvo la oportunidad de viajar a Italia, donde, en profundidad, conoce a todos los clásicos italianos. También en esta*

época viaja a Barcelona y participa en la primera experiencia sobre diseño industrial que se realiza en España de la mano de Carlos Sáenz de Tejada. Conocía todas las escuelas artísticas: la española (Velázquez, Ribera, Greco...), la holandesa (Rembrandt, Rubens) también de otros más recientes como Rosales, Solana, Zuloaga... Le encantaba Poussin, Manet, Renoir... Además se sentía fascinado por la obra del Maestro Mateo, del Románico compostelano y de nuestra rica tradición de escultura popular gallega”, comentaba a miúdo Mimina, quen xogou un papel decisivo na obra do seu home; non estivo detrás del. Noon! estivo ao seu carón en todo.

Neste ambiente madrileño, Isaac non estaba satisfeito co que facía; sentíase preso ante o seu cabalete xa que lle facía retratos a unha burguesía inculta e materialista nada comprometida coas causas xustas, presa dos seus egoísmos, só pendente dos brillantes que lucían, as mulleres obsesivas pedíanlle a Isaac que lles quitase engurmas no lenzo. Unhas xentes baleiras e sen corazón, todo o contrario de como el era, xa que a súa vida foi coma a dun misionero. Deixa definitivamente a pintura cando o goberno de Franco o chama para pintar a cúpula do Val dos Caídos. *“Antes córtome unha man. Eles mataron ao meu querido pai”*. Puxo a desculpa que pensaba abandonar Madrid para facer unha fábrica de porcelanas en Galicia. Quen lle dicía que non ao Caudillo!

De volta a Galicia no 1947, nunhas instalacións dos pais da muller, pon en marcha un taller de porcelana artística no Castro (Sada, A Coruña) que, nun futuro, transforma nunha fábrica xa que no 1949 abre as portas *Cerámicas do Castro S.L*. Esta vai ser unha fábrica diferente ás demais xa que o obxectivo non vai ser só o de gañar cartos para enriquecer os propietarios senón que o Castro vai ser un centro dinámico

cultural; vai ser, da man de Isaac e de Mimina, o berce de novos emprendementos que influirán positivamente na arte galega para beneficio do pobo galego. Os comezos non foron doados; Isaac ía nunha furgoneta ofrecendo as porcelanas que moitos comerciantes rexeitaban de primeiras. Paseniño, a industria foi medrando, polo que no 1955, tiña cen empregados. Esta nova chega aos nosos intelectuais exiliados na Arxentina. Un deles, Núñez Búa, visita a Isaac para propoñerlle facer unha fábrica no país do tango, ao que el di que non, pero logo recapacita: *“non podo deixar sós a eses imáns que están traballando un mundo pola nosa terra”*, pensou. Cómpre dicir que máis que facer a factoría o que lle interesaba era recuperar o exilio; co tempo, trouxo a todos baixo o seu amparo económico e moral. Foi un verdadeiro pai para eles. *Celtia*, que así era como se chamaba a fábrica de porcelanas do exilio, levantouse no lugar de Magdalena, a 108 km de Buenos Aires no ano 1956; converteuse nunha ponte entre Galicia e Arxentina.

Neste emprendemento, ademais dos desterrados galegos, colaborou o gran ceramista Fernando Arranz e mesmo Luís Seoane e Maruxa, a súa dona, que se comprometeron de cheo. Baixo o teito da Magdalena crearon o *Laboratorio de Formas (LF)*, que foi o xermolo duns proxectos do que se ía beneficiar Galicia. *“Imos enriquecer o mundo coa nosa diversidade”*, pensaba Luís Seoane:

O primeiro que sacaron para adiante foi *Ediciós do Castro*. Esta editorial comeza a súa andaina no ano 1963; para iso, Mimina tivo que vender uns cadros de Isaac. Non lles foi doado. Nesta editorial publicaron importantes coleccións, coma *Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia*, pioneira na recuperación da memoria histórica cun compromiso claro e profundo cara ao noso pobo e que desfixera o réxime franquista. *“Esta serie tivo éxito en toda España. Por certo, que como a maioría destes libros estaban escritos en castelán, a Xunta non mercaba ningún coa excusa*



de que non fomentaban o galego normativizado; así evitaba adquirir algo que non lles gustaba. A historia é así”, comentaba Isaac. Publicaron uns 1500 títulos. Díaz Pardo editaba a todos. “Hai que dar unha oportunidade a todo o mundo”, afirmaba.

Outro gromo do *Laboratorio* foi a recuperación de Sargadelos en Cervo (Lugo), fundada no 1806 por Raimundo Ibañez e que funcionou ata 1875; nesta época facían pezas de louza ao estilo inglés. Era unha importante fábrica de cerámica que exportaba os seus produtos a todo o mundo.

O 10 de maio de 1970 inauguran unha planta circular a 700 m da primeira fábrica de Sargadelos e dende aquela prodúcense pezas de porcelana totalmente diferentes ao “vello Sargadelos”. O “novo Sargadelos”, o de Díaz Pardo e Seoane, era moderno cun deseño totalmente galego; e como sinal de identificación a cor azul cobalto porque resulta limpo, fresco e non cansa. Pretendían reflectir a arquitectura popular, as formas das vellas casas mariñeiras, as xoias castrexas, o Románico, o Barroco... tiñan como fonte de inspiración a idea de estudar a arte e a cultura galegas dende o Paleolítico, pasando pola Idade Media ata hoxe. “Imos conseguir que os galegos coñezan a historia de Galicia mercando cachariños”, comentaba satisfeito Seoane. “Son pezas con coñecemento,” afirmaba Rafael Dieste.

A factoría ía medrando. Construíron unha planta rectangular, fixeron o edificio do Seminario de Estudos Cerámicos, no seu auditorio tiñan lugar encontros estivais con participantes de todo o mundo, realizaban escola libre de cerámica acompañada de seminarios sobre temas de deseño, arte, economía, empresa, cine, teatro... todo dirixido por Isaac. Incluso chegou a inventar máquinas e fixo fornos para a súa industria. “Además de ir a trabajar

íbamos a la universidad porque con Isaac aprendíamos mucho”, lembra con saudade Teresiña Reimúndez, fiel colaboradora de Díaz Pardo durante 46 anos (el dicía dela que era o seu ordenador).

No mesmo ano 1970 inaugurábase o Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside no Castro coa idea de que sexa fiel ao movemento renovador de Galicia, onde recollen obras de Castela, Asorey, Corredoira, Maside, Maruja Mallo, Laxeiro, Colmeiro... Ademais de exhibir a colección de pintura, facíanse actividades culturais, conferencias, encontros exposicións. Aquí presentouse por primeira vez en Galicia a obra de Picasso, Miró,

Solana, Clavé, Ginovart. “Agora creáronse outras institucións de arte contemporánea, pero sen compromiso ningún; ben, téñeno con América, con Alemaña...pero non con Galicia. Priva o global”, pensaba Isaac.

No IGI (Instituto Galego de Información), cunha superficie de 10.000 metros cadrados en San Marcos (Santiago de Compostela), realizábanse traballos de investigación histórica. O *Laboratorio de Formas* facía os modelos para as pezas que se creaban nas fábricas, había talleres de deseño e de exposicións para as galeñas, arquivo fotográfico, un auditorio moderno subterráneo circular para teatro vangardista...



Cómpre botar unha ollada a esta árbore de Isaac onde reflicte a súa obra grandiosa única no mundo. Ningún artista fixo o que el levou a cabo e sen subvencións, só co seu esforzo, co seu bondadoso corazón, coa súa muller e familia. *“As nosas empresas non se fixeron para gañar cartos nin para perderlos. Deben estar administradas para que poidan desenvolverse e facer algo pola causa xusta de Galicia”*, así pensaba o noso orgullo de Galicia.

Toda esta marabillosa obra veuse abaixo cando algúns, movidos por egoísmos no ano 2006, excluírono do Grupo Sargadelos, a súa exemplar industria cultural impregnada de amor puro. Ante isto, Galicia quedou ferida de morte. *“Como que o botaron! Morría por axudar a todos. Do intelixente que era dun peso facía dous”*.

“Mira miña filliña, normalmente os artistas son un chisco raros, digamos especiais, pero Isaac era especial en facer cousas boas, a súa lealdade, xenerosidade, humildade eran dunha magnitude infinita. Miña nena, pensa, Picasso, Miró, Dali...foron magníficos pintores pero só iso, o noso ademais de selo, sabía facer un mundo de cousas. Estou de acordo cando dis que a súa obra foi única no mundo; as súas empresas, ademais de ser rendibles en diñeiro eran un manancial de sabedoría. Eran empresas universitarias en coñecementos e en humanidade”, louvábao a miña mamá; e ao mesmo tempo fixo esta reflexión: *“este creador medrou na compañía dunha estrelliña feita que no seu día seu pai prendera na súa cabeza e arroupado por ela construíu un rico e saboroso panal onde, coma se dunha abella traballadora se tratase, sen descanso e con moita ilusión fabricaba o mellor mel do mundo co que nos agasallaba facéndonos sentir libres, sen medos, sen bágoas... paseniño a paseniño dese gran panal día a día saían froitos extraordinarios que o converteron no Sol de Galicia, un Sol que non só ía dar vida a*

nosa terra, senón que a boa semente que albergaba dentro del espallábase polo mundo. Un Sol cuxas raiolas trouxeron ao pobo galego: fartura de solidariedade, fartura de xenerosidade, fartura de cultura, fartura de agarimo, fartura de pan... Del só saían cousas maravillosas para todos, para todas. Cousas que fan só ben”.

Despois de moitos anos de traballo sen descanso este Sol deixou de sorrir. Unha noite escura de inverno estando con el sentada diante da lareira da miña avoa María e coma testemuña un lume que ardía con forza e rabia contoume con amargura que unhas malas sementes metéranse dentro del sen que se decatara, aproveitándose de que el só vivía para traballar por Galicia e preocupado por conseguir o sustento para tantas e tantas familias que tiña ao seu amparo, polo que andaba moi atarefado como para decatarse do que realmente pasaba ao seu redor, cando cae na conta da realidade, pediu axuda, loitou con todas as súas forzas para salvar tal terrible situación pero non houbo nada que facer, quedando as súas raiolas sen forza, sen ledicia, sen ilusión...sen fartura de cousas boas, polo que esas malas sementes trouxeron; miseria de humanidade, miseria de xenerosidade, miseria de cultura, miseria de agarimo, miseria de pan...só cousas que dan moita dor.



Fundidos nunha aperta tensa das que Isaac daba e que tanto nos sabían, díxome mirándome cos seus ollos luminosos: *“Cando leo o poema de Rosalía de Castro: A xustiza pola man, véxome reflectido nel, pero voume sabendo quen me quere de verdade.”*

...En fin, que razón tiña a mamá!

A xustiza das entrañas de Galicia (non a das persoas, na que non creo) para a vida sinalou e condenou a eses que tanto mal lle fixeron a Isaac, posto que non se arrepentiron, nin pediron perdón.

“Saber perdoar e non gardar rancor é imprescindible para vivir. Non sinto odio nin busco desquite ningún”. Estas palabras de Isaac lévanme a pensar que se recuasen eses que lle faltaron, el pasaría páxina... pero non sucedeu.

Doéronme unhas palabras que o noso creador escribiu para o catálogo da súa derradeira exposición en vida na *Casa da Parra*, en Santiago de Compostela, inaugurada o 14 de febreiro do 2011, onde conta a traxedia que viviu: *“Tras a morte de Seoane tentei serlle o máis fiel e ser o máis xeneroso coas xentes que traballaban de acordo coa súa responsabilidade. Mais isto non foi entendido por todos.*



Algúns aproveitando a xenerosidade que Seoane me ensinara a ter, no ano 2006 provocaron a situación na que hoxe se atopa o complexo Sargadelos e que representou o máis importante e definitivo fracaso da miña vida, pois quedámonos absolutamente arruinados, xa que non voltei a recibir unha peseta de Sargadelos. E para poder vivir nestes catro anos, tivemos que vender moitas cousas entre elas o piso que tiñamos en Madrid que no seu día serviu para recoller aos exiliados que voltaban e que garda historias importantes, entre elas a morte de Lorenzo Varela”.

Nunha entrevista que lle fixeran daquela, contou que viviu traizóns á amizade e traizóns financeiras, quedando arruinado económica e moralmente; estas traizóns procederon dalgúns que se presentaron como os seus mellores amigos e colaboradores, cousa coa que el nunca contou. El defendía un tipo de empresa onde os valores culturais e sentimentais estaban por riba dos económicos, unha idea sempre ben compartida co seu grande amigo e fiel colaborador Luís Seoane. El comentaba que Sargadelos é un produto que forma parte de Galicia e que é propiedade

de todos os galegos: “montei a empresa sen afán de lucro”.

Meu querido Isaac, miña querida Mimina ides brillar eternamente coma aquela estreliña feituca que o pai de Isaac prendeu un día na súa cabeza para que vexamos nela a luz da irmandade, da liberdade, xustiza, amizade...

A vosa enerxía creadora levovous a construír un paraíso de amor, de arte, industria...un paraíso sen cancelas onde todos os creadores tiñan entrada.

Infinitas grazas Isaac e Mimina (lindo matrimonio da esperanza e do ben), por esa estrela que levastes na fronte, das de cambiar o mundo.

MIMINA E ISAAC

*Baixo o ceo do Castro,
xuntámonos todos
amigos de toda a vida
para cantar o aniversario
a nosa amiga Mimina.
Chegou Isaac ao Castro,
un lugar fermoso e feiteiro,
pero o amor foi tan forte*

*que de alí non se dou ido.
Soñaban os artistas
dende a distancia.
Que bela é a vida,
poder xuntarnos todos,
poder cantar e abrazarnos
poder celebrar este día.
Cantas cousas fixeron xuntos!
Cantas cousas vividas!
Tempos bos e malos
que marcaron as súas vidas.
Soñaban os artistas
na terra amada.
E no ceo do Castro
as estrelas pasean ledas
o seu grande amor
ao son dunha zanfona vella.
Celebrar o aniversario
é unha gran regalía,
o valor da amizade
que lles dá paz as nosas vidas.
Soñaban os artistas
na nai terra.
E ao longo dos anos
viaxaron polo mundo
as entrañas de Galicia,
e o mundo encantado
amou para sempre
a terra da morriña.
Ai! Pia do Xunco!
Ai! Pia do Loureiro!
Canta ledicia vivida!
Canto agarimo satisfeito!
Soñaban os artistas
cos tempos que quedaron atrás.
Agora a soidade invade
as pías do Xunco e Loureiro,
ninguén se achega ás súas augas
como facían noutro tempo.
Alédase o Castro
alédase Sargadelos,
de tan só pensar
que os seus creadores
pensan neles.
Viva! Viva! Viva!
Soñemos bonito!
Soñemos con agarimo!
Soñemos con Isaac e Mimina
que enchen as nosas vidas!*

Loli Beloso